

Mirando atrás. Isaac Díaz Pardo e O laboratorio de formas

Pensado o presente para construír o futuro

No berce dunha nación silenciada pola guerra e a Ditadura e con parte do seu corazón no exilio, Isaac Díaz Pardo, tras estudar Boas Artes e fundar a finais dos corenta a Fábrica do Castro, o seu taller de cerámica, decátase de que non é arxila, senón a memoria dos galegos a que debe modelar co afán de contribuír á recuperación da cultura e da historia de Galicia.

Vendo o lenzo en branco que era a nosa nación por aquel entón, pois a censura borrara todo o que nos dotaba de identidade, decide voar en 1955 a Arxentina, onde os intelectuais exiliados pintaban con cores vivas a esencia galega dende a distancia coa súa achega literaria e solucións políticas (Castelao, Lorenzo Varela, Rafael Dieste...). Entre eles, Luis Seoane será fundamental para a recuperación no ámbito artístico.

Unidos polo afán de recuperar o exilio e por unha visión dun futuro para Galicia, Díaz Pardo e Seoane rescatan a cultura que se nos fora arrebatada, decididos a construíla e a pór en valor a identidade e a industria galegas. Para isto crearon un sinal propio e singular, onde o patrimonio gráfico, tipográfico e cultural foron os protagonistas.

Crean conxuntamente o Laboratorio de Formas e con este introducen unha modernización no campo do deseño, das formas e da arte, cunha base de rescate histórico. Entre os proxectos do Laboratorio de Formas para reconstruír a memoria histórica dos galegos atópanse o Museo de Arte Contemporánea (Carlos Maside), nte a necesidade de recoller a obra perdida dos artistas das vangardas da xeración dos anos trinta, a reapertura de industrias que pecharan coa Guerra Civil e o retorno a Galicia dos exiliados. Así mesmo, retoman institucións que tiveran gran prestixio como Sargadelos había dous séculos, froito da brillante mente emprendedora de Antonio Raimundo Ibáñez (marqués de Sargadelos). Sargadelos suporá un novo e necesario énfase na a resurrección de Galicia, a representación da arte laica nun Estado fortemente apoiado na Igrexa e o rostro estético da identidade galega (que ía dende unha vaixela á reconstrución de figuriñas do noso panorama histórico).

Díaz Pardo, para algúns o fío do que penduraba Galicia (“ninguén de ninguén, alguén de Galicia”), insiste especialmente en que os galegos coñezan a súa historia, aínda que sexa a base de comprar cerámicas (como el mesmo dicía). A súa morte en 2012 e a crise que ten lugar pola competencia comercial que exerce a produción asiática foron un duro golpe e case a fin para Sargadelos, o legado desta fundamental figura galega.

Clara Tomé Mariño

A lingua galega no ámbito empresarial

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade, impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, está ao tanto do cumprimento do Plan xeral de normalización e da situación da nosa lingua nos diferentes ámbitos sociais. Neste documento só se estuda a facción económica, centrándose nos subámbitos da empresa, do comercio e da banca. A análise da situación coa fin de aportar datos concretos e numéricos realízase a partir de dous enfoques: un cuantitativo (realizando enquisas) e outro cualitativo (atendendo ás opinións de representantes dos tres subsectores).

É así como se determina que, en canto ao uso lingüístico, a empresa, o comercio e a banca empregan sempre o castelán na comunicación oral e escrita co exterior, mentres que nas súas comunicacións internas o galego e o castelán presentan porcentaxes moi semellantes na fala e inferiores para o galego na escrita. Cabe sinalar que os concellos de menos de 50.000 habitantes semellan ter un maior número de galegofalantes ou un maior dinamismo no uso do galego.

Case ningunha entidade do ámbito económico aplica criterios nos seus usos lingüísticos (nin orais nin escritos). Poucos entrevistados afirmaron ter en conta os coñecementos de galego na contratación do persoal, pois a maioría non o considera un requisito imprescindible, pero si un mérito.

En canto ás competencias lingüísticas, pódese entrever que as maiores dificultades preséntense á hora de escribir en galego; non obstante, tres cuartos dos asalariados enquisados afirma ter coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve.

As ferramentas lingüísticas consideradas máis útiles son os correctores ortográficos, os dicionarios e os tradutores automáticos, malia que poucas entidades botan man deles, ben porque “refusan” destas axudas ou ben porque non teñen coñecemento da súa existencia; tamén os documentos modelo figuran como recurso máis empregado polos bancos.

Contrario ao que demostran os números, case a metade do colectivo entrevistado considera que o galego se utiliza bastante ou moito na empresa.

O índice de normalización lingüística (INL) sitúase ao redor do 30% para as empresas, os pequenos comercios e a banca. Esta insuficiente porcentaxe é resultado do uso maioritario do castelán nas comunicacións e na documentación.

A presenza do castelán vén a ser maioritaria en toda a facción económica en Galicia e as previsións respecto do uso crecente do galego non son especialmente entusiastas. En contraposición, a maioría recoñece que o uso do galego non implicaría desvantaxes, mesmo pode ser asociado como símbolo de calidade, pois desterra determinados estereotipos e prexuízos e mostra respecto e bo servizo de cara a súa clientela.

Clara Tomé Valiño

Análise sobre a presenza do galego en catro empresas galegas

Inditex é un holding téxtil ao que pertencen un conglomerado de marcas dunha relevancia internacional moi importante. Creouse en Galicia e a súa sé séguese atopando aquí. O principal obxectivo da empresa é seguir crecendo de maneira sostible.

Inasus é outra empresa que actúa a nivel mundial, pero neste caso no deseño e construción de fachadas de edificios. É unha empresa de orixe galega e súa sede sitúase en Lalín.

En estas dúas empresas internacionais podemos observar como na súa historia mencionan a Galicia como o punto de creación e o lugar onde residen as súas sedes, pero no que se refire ao idioma en ningunha das páxinas web existe a opción de elixilo, en cambio o inglés e o francés sí é posible.

A empresa Xiro é orixinaria de Galicia como as outras dúas, pero neste caso non ten tanta presenza a nivel internacional aínda que si vende en tendas nacionais e dúas no resto de Europa. É unha empresa téxtil cuxo obxectivo é dar visibilidade a industria téxtil galega e relocalizala no país despois de que hai uns anos empezase a deslocalizarse a outros e deixase a moitas persoas sen emprego. Á parte diso ten unha política medioambiental moi forte que a fai característica.

Eferro é unha empresa adicada aos zocos e ao coiro que provén dunha tradición familiar de tres xeracións. O taller onde se crean os produtos e a tenda principal atópase en Pontevedra, pero os envíos en liña chegan a toda España. O obxectivo da empresa é manter viva a tradición zoqueira que se está a extinguir pero dándolle un estilo moderno e adaptándoo as necesidades actuais.

Tanto na empresa Xiro como en Eferro o tratamento da cultura galega está moito máis presente e a primeira proba diso é o tratamento da lingua. En ámbalas dúas empresas un dos idiomas a escoller é o galego, sendo este principal. Entre os outros idiomas a escoller atópanse o español e o inglés.

Valeria Baleirón Sobrido

As empresas galegas

Inditex é un holding téxtil ao que pertencen un conglomerado de marcas dunha relevancia internacional moi importante. Creouse en Galicia e a súa sé séguese atopando aquí. O principal obxectivo da empresa é seguir crescendo de maneira sostible.

Inasus é outra empresa que actúa a nivel mundial, pero neste caso no deseño e construción de fachadas de edificios. É unha empresa de orixe galega e súa sede sitúase en Lalín.

En estas dúas empresas internacionais podemos observar como na súa historia mencionan a Galicia como o punto de creación e o lugar onde residen as súas sedes, pero no que se refire ao idioma en ningunha das páxinas web existe a opción de elixilo, en cambio o inglés e o francés sí é posible.

A empresa Xiro é orixinaria de Galicia como as outras dúas, pero neste caso non ten tanta presenza a nivel internacional aínda que si vende en tendas nacionais e dúas no resto de Europa. É unha empresa téxtil cuxo obxectivo é dar visibilidade a industria téxtil galega e relocalizala no país despois de que hai uns anos empezase a deslocalizarse a outros e deixase a moitas persoas sen emprego. Á parte diso ten unha política medioambiental moi forte que a fai característica.

Eferro é unha empresa adicada aos zocos e ao coiro que provén dunha tradición familiar de tres xeracións. O taller onde se crean os produtos e a tenda principal atópase en Pontevedra, pero os envíos en liña chegan a toda España. O obxectivo da empresa é manter viva a tradición zoqueira que se está a extinguir pero dándolle un estilo moderno e adaptándoo as necesidades actuais.

Tanto na empresa Xiro como en Eferro o tratamento da cultura galega está moito máis presente e a primeira proba diso é o tratamento da lingua. En ámbalas dúas empresas un dos idiomas a escoller é o galego, sendo este principal. Entre os outros idiomas a escoller atópanse o español e o inglés.